



Curso “Non hai benestar sen benestar dixital. Claves para a promoción do uso seguro e saudable da tecnoloxía dende o eido educativo”

DOCENTE

Antonio Rial Boubeta (G-6671)

ORGANIZA

Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

Ana Belén Montesa Lou (G-4928).

DURACIÓN

3 horas.

DATA E HORARIO

Venres, 10 de abril de 2026.
De 17:00 a 20:00 horas.

MODALIDADE

Presencial e online.

PRAZAS

30 prazas na modalidade presencial, no salón de actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
100 prazas na modalidade online, a través da plataforma Moodle e Zoom.

DIRIXIDO A

Psicólogos/as colexiados/as.

PREZO

Gratuito.



Curso “Non hai benestar sen benestar dixital. Claves para a promoción do uso seguro e saudable da tecnoloxía dende o eido educativo”

OBXECTIVOS

- Conformer unha base de coñecemento sólida e baseada na evidencia, acerca do impacto da tecnoloxía na infancia e na adolescencia, tanto dende un punto de vista da saúde física e mental, como da convivencia e o neurodesenvolvemento.
- Sensibilizar aos profesionais do eido da psicoloxía da educación da necesidade de abordar as relacións na contorna dixital e coa contorna dixital, como un dos eixos capitais para o coidado do benestar emocional da rapazada.
- Dar a coñecer diferentes iniciativas desenvolvidas en España para a promoción do benestar dixital na infancia e na adolescencia.
- Servir de espazo de reflexión e debate para os/as profesionais da comunidade galega, interesados/as de maneira particular no benestar dixital da mocidade.
- Identificar oportunidades colectivas que sirvan para poñer en valor o papel da psicoloxía educativa en Galicia, no marco do recén presentado Plan de Benestar Dixital.
- Desenvolver iniciativas e/ou propostas concretas de colaboración institucional.

DOCENTE

ANTONIO RIAL BOUBETA (G-6671)

Membro do *Alto Comisionado da UNESCO para a loita contra o acoso escolar e o ciberacoso* a nivel mundial. Ven de dirixir o estudo *INFANCIA, ADOLESCENCIA Y BIENESTAR DIGITAL* (con UNICEF e o Ministerio de Transformación Dixital), no que participaron máis de 93.000 adolescentes e 7.500 profesores e profesoras de toda España, o traballo científico de maior envergadura feito en Europa sobre o tema. Ten publicado nalgúns das mellores revistas internacionais do eido da adolescencia, a saúde mental e a ciberconvivencia, como *Psychiatry Research*, *Addictive Behaviours*, *Journal of Gambling Studies*, *Computers in Human Behavior* ou *Cyberpsychology*. Formou parte do Comité de Expertos do Ministerio de Xuventude e Infancia, para a elaboración do Proyecto Ley Orgánica para la protección de las personas menores de edad en los entornos digitales e asemade, do grupo creado pola Consellería de Educación para elaborar o Plan de Benestar Dixital de Galicia.



Curso “Non hai benestar sen benestar dixital. Claves para a promoción do uso seguro e saudable da tecnoloxía dende o eido educativo”

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES02 0081 0499 6500 0227 8629 de SABADELL ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respectarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas membros da Sección Educativa do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicárase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais.

Último día de inscrición: 31 de marzo de 2026.